



FEADER:
Europa inviste no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Innovación
e Industrias Agrarias e Forestais



CIRCULAR SFAF. N.º 2.2011 DO PROGRAMA DE FORMACIÓN CONTINUA NO AGRO GALEGO 2011

Recibidas e avaliadas as propostas de accións formativas solicitadas polas entidades solicitantes, e tendo en conta as normas establecidas na circular de programación 1/ 2011, así como os criterios da comisión de valoración, esta dirección xeral confeccionou a proposta do “Programa de Formación Continua no Agro Galego 2011”, para a súa aprobación polo conselleiro do Medio Rural.

Unha vez aprobado o programa considérase necesario, para unha correcta xestión e desenvolvemento deste, establecer unhas normas básicas a seguir polas unidades impartidoras de accións formativas, en canto a súa divulgación, desenvolvemento e xestión económica-administrativa, que facilite o traballo e o cumprimento da normativa comunitaria establecida para este tipo de axudas no Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, de 20 de setembro de 2005, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, no Regulamento (CE) n.º 1974/2006 da Comisión, de 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento n.º 1698/2005 e no Regulamento (CE) n.º 1975/2006 da Comisión, de 7 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento n.º 1698/2005 no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

1. DIVULGACIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS:

Xunto coa presente circular, enviarase a cada unha das unidades impartidoras, a relación de cursos e accións formativas aprobadas, así como as condicións económicas para o desenvolvemento destas.

O Programa de Formación farase público por medio dos diferentes medios de difusión (prensa, radio, TVG), así como na páxina web da consellería:

http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/centros_de_formacion/formacion_continua/

Dende a unidade impartidora, e cos medios ao seu alcance, divulgaranse os cursos aprobados a toda a poboación interesada do seu ámbito territorial de actuación, e sempre tendo presente o principio de igualdade de oportunidades.

O prazo mínimo para a convocatoria dun curso será de 10 días naturais antes do seu inicio, e para a presentación das solicitudes de asistencia, o día anterior ao seu inicio.

As solicitudes orixinais de participación recibidas serán sempre rexistradas polas unidades onde se presenten, sendo posteriormente remitidas, xunto coa documentación xustificativa do curso/acción formativa á Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais (o modelo de solicitude está no **Anexo I: solicitude de accións formativas agroforestais 2011**).

2. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:

Todos os cursos aprobados no Programa de Formación Continua no Agro Galego 2011 están cofinanciados polo FEADER en un 57,56% dentro do eixo 1: mellora da competitividade do sector agrícola e forestal, medida 111: formación profesional e actividades de información, polo que será obrigatorio que os documentos usados no procedemento, especialmente os que vaian dirixidos ao público, así como calquera documento divulgativo, publicación ou material didáctico específico que se elabore para os mesmos figure:



FEADER:
Europa inviste no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Innovación
e Industrias Agrarias e Forestais



- O anagrama da Xunta de Galicia consonte ao Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.
- O logotipo do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino.
- O logotipo da bandeira da Comunidade Económica Europea e a referencia directa á procedencia do fondo do gasto FEADER coa inclusión do lema "Europa inviste no rural", consonte ao Regulamento (CE) nº 1974/2006 da Comisión.

Nos locais de impartición dos cursos figurarán sempre en lugar visible os carteis correspondentes (que enviará esta dirección xeral a cada unidade), polo menos na entrada e no interior do local, permanecendo expostos ao longo da celebración do curso. Así mesmo informarase aos participantes do curso da fonte de financiamento e do porcentaxe do 57,56% da U.E.

No mes anterior ao inicio dun curso, e polo menos 7 días antes do seu comenzo, comunicarase á Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, preferentemente ao correo electrónico dxiaf@xunta.es as datas exactas da celebración e o horario de impartición mediante a ficha que se xunta no **Anexo II**: comunicación de inicio.

3. CONTROL ADMINISTRATIVO

- A duración real dos cursos, en horas lectivas, incluíndo actividades de prácticas, non será en ningún caso inferior ó programa de curso aprobado. En cada acción formativa será de obrigado cumprimento o control de asistencia según o modelo que se xunta como **anexo III**
- A coordinación técnica dos cursos será realizada, exclusivamente por persoal técnico das unidades da Consellería do Medio Rural ás que lles foi aprobado o curso.
- As horas de docencia impartidas dentro da xornada laboral habitual polo profesorado que pertenza ao cadro de persoal funcionario ou laboral da Xunta de Galicia, non serán retribuídas con cargo á presente acción formativa.
- A supervisión do programa de cursos impartidos correspóndelle á Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica, que designará ás persoas encargadas de realizar o control do desenvolvemento das accións formativas en cada provincia. En ningún caso poderán coincidir na mesma persoa as labores de coordinación e de inspección dos cursos.
- No caso dos cursos programados con carácter descontinuo, deberase enviar á Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica o calendario, horario, lugar e localización de cada actividade. Esta información débese enviar 7 días naturais antes da realización das accións formativas. Calqueira cambio na programación das accións formativas deberá comunicarse tamén cunha antelación de 7 días naturais.
- Todas aquelas accións formativas que no decurso do proceso de verificación polo persoal da Consellería de Medio Rural designado para iso incumpran algunha das condicións relativas a número de alumnos, duración ou cualificación do profesorado, serán anuladas e non



FEADER:
Europa inviste no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Innovación
e Industrias Agrarias e Forestais



financiadas pola Consellería do Medio Rural, previo informe motivado da Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica.

4. NOMEAMENTO DOS DOCENTES E COMUNICACIÓN DE INICIO

A Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, a través da Subdirección Xeral de Formación e transferencia Tecnolóxica será o órgano responsable do nomeamento dos docentes de aquelas accións formativas que organicen as unidades administrativas dependentes da Administración central da Consellería.

O Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural de cada provincia será o responsable do nomeamento do persoal docente das accións formativas. (xúntase como modelo o **Anexo VI**), que se organicen a través da administración periférica da Consellería en cada provincia.

O persoal coordinador de cada acción formativa comunicará o nomeamento a cada docente, (xúntase como modelo o **Anexo VII**), facendolle saber que debe coñecer e cumprir co establecido no artigo nº 19. b) da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas sobre "a dirección de seminarios ou o ditado de cursos ou conferencias en centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, cando non teñan carácter permanente ou habitual nin supoñan máis do 75 horas ao ano".

O coordinador do curso, comunicara o inicio da acción formativa cunha antelación dunha semana, á Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, por medio do enderezo electrónico dxiaf@xunta.es, enchendo a ficha do **Anexo II**.

A coordinación técnica dos cursos será realizada, exclusivamente por persoal técnico das unidades da Consellería do Medio Rural que desenvolven o curso.

5. DOTACIÓN ECONÓMICA DOS CURSOS

O orzamento aprobado para cada curso comprende tanto o gasto subvencionable como o non subvencionable, conforme ao disposto no Real decreto 1852/2009, de 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos Programas de Desenvolvemento Rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

a. Gasto subvencionable:

- Gasto de profesorado e coordinación. Esta partida cobre os gastos de profesorado que imparte as accións formativas e a coordinación técnica e administrativa do curso. O profesorado terán que ser persoas físicas, non empresas.
- Gastos xerais. Pódense incluír gastos de material didáctico, material de prácticas, gastos de aluguer de locais, luz, limpeza, calefacción, viaxes de prácticas e/ou divulgativas. As facturas de viaxes virán acompañadas dun pequeno informe da visita realizada, relacionada sempre directamente co tema do curso. Os gastos de aluguer non poderán exceder do 25% dos gastos xerais.

Non se poderán incluír facturas de comidas nin de material inventariable, agás os de transporte dos cursos de Aplicadores/manipuladores de produtos fitosanitarios.



b. Gasto non subvencionable:

O Imposto sobre o valor engadido (I.V.E) recuperable ou, no seu caso o Imposto Xeral Indirecto Canario recuperable, nin o soportado polos entes públicos que presten servizos sin contraprestación ou mediante contraprestación de natureza tributaria.

6. CONTÍA DOS GASTOS

Como norma xeral, e salvo excepcións debidamente xustificadas, a dotación económica de cada curso axustarase ao seguinte baremo.

Tipo de gasto	Duración do curso (horas)						
	10	20	27	30	60	75	250
Profesorado (€/hora)	40	40	40	40	40	40	40
Coordinación técnica (€)	60	60	60	60	60	60	200
Coordinación administrativa (€)	25	25	25	25	25	25	25
Gastos xerais (€/alumno)	5	5	13/5*	5	5	5	200

* Pagarase 13 € por alumno nos cursos de aplicador con transporte.

Os cursos de Aptitude Empresarial Agraria non impartidos polos Centros de Formación e Experimentación Agroforestal terán unha dotación por alumno para gastos xerais de 100 €.

O persoal pertencente á administración que participe no desenvolvemento de accións formativas, estará suxeito aos parámetros exceptuados no artigo 19 da Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administración públicas. De superar os requisitos sinalados no citado artigo estará suxeito á autorización de compatibilidade. En caso contrario, con carácter xeral, non se pagarán cantidades que excedan do especificado na lexislación citada.

7. XUSTIFICACIÓN DOS CURSOS:

A xustificación de cursos farase en soporte informático e por correo ordinario

a. Mediante programa informático:

Para a xustificación económica dos cursos empregarase unha aplicación informática no entorno Web da intranet da Consellería do Medio Rural http://iisprod.agri.local/cursos_agroforestais. Cada unidade impartidora deberá solicitar a autorización para poder entrar na aplicación informática enviando polo correo electrónico dxiaf@xunta.es a seguinte información:

NOME	APELIDOS	NIF	USUARIO DO DOMINIO DE INFORMATICA	UNIDADE/S IMARTIDORA/S	CÓDIGO DOS CURSOS

Para aclarar as dúbidas na tramitación dos cursos o teléfono de contacto é 981.54 66 79 / 53

b. Por correo ordinario (en soporte papel):

- Oficio de remisión (**Anexo VIII**)
- Solicitudes orixinais dos alumnos rexistradas (**Anexo I**)
- Orixinal de control de asistencia (**Anexo III**)
- Factura orixinal e copia cotexada.



FEADER:
Europa inviste no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Innovación
e Industrias Agrarias e Forestais



- Certificación do curso emitido polo responsable da unidade administrativa impartidora da acción formativa por duplicado (**Anexo IV**)
- "Memoria-propostas" asinadas, con data anterior ao inicio do curso, por duplicado
- Nóminas do profesorado, por duplicado, conformadas.
- Relacións de provedores, por duplicado, conformadas.
- Nomeamento de profesorado, asinadas.

c. Todas as facturas serán mecanizadas electrónicamente e terán:

- Número de factura.
- Detalle do material didáctico adquirido, relacionado co tema do curso.
- Desglose do IVE (non serven as facturas con IVE incluído).
- Cliente: Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, Rúa do Camiño Frances nº 10, 15703 Santiago de Compostela, co CIF xenérico da Xunta de Galicia: **S-1511001-H**.

d. Prazo de xustificación

O prazo máximo para o envío e a xustificación dos cursos será de 10 días naturais dende a súa finalización, tendo presente que:

1. Con carácter xeral, o prazo para a xustificación dos cursos aprobados pola presente circular finalizará o 30 de setembro.
2. Excepcionalmente, os cursos de aptitude empresarial agraria (250 h.) e aqueles outros que expresamente fosen autorizados na súa aprobación, poderán xustificarse ata o 15 de novembro.
3. Aqueloutros cursos que fosen aprobados e que non se vaian a realizar, deberán ser anulados mediante solicitude.

8. CERTIFICACIÓNS E DIPLOMAS

Serán expedidos pola dirección xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, previa solicitude das unidades impartidoras dos cursos de formación.

De todas as certificación e diplomas que sexan entregadas aos interesados solicitarase por parte da unidade acuse de recibo ou recibí segundo o caso.

Cando se trate de ensinanzas esixibles ou que poidan ser obxecto de convalidación, por exemplo cursos de 250 horas, deberá figurar no reverso do diploma un resumo do programa impartido.

Para facerse acreedor ao diploma dun curso de ensinanzas esixibles, será necesario asistir polo menos ao 90 % das horas lectivas do mesmo (cursos de aptitude empresarial agraria, manipuladores, bienestar animal), e ademais superar as probas de avaliación correspondentes.

Unha vez rematado o curso, e no prazo improrrogable de 15 días, remitirase a correspondente acta de avaliación ou certificado de aproveitamento para a expedición das acreditacións correspondentes.



FEADER:
Europa inviste no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de Innovación
e Industrias Agrarias e Forestais



9. MODIFICACIÓN NA PROGRAMACIÓN

Calquera cambio de data, localidade de celebración ou tema do curso, solicitarase a esta dirección xeral mediante informe razoado e coa suficiente antelación **(Anexo V)**

No caso dun curso que non se poida celebrar, comunicarse a súa anulación de forma inmediata co fin de aproveitar todos os recursos económicos dispoñibles.

10.XESTIÓN COMPLEMENTARIA DOS CURSOS DE MANIPULADOR/APLICADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS E DE BENESTAR ANIMAL.

Remítase en documentación anexa a metodoloxía específica a seguir no caso dos cursos de manipulador/aplicador de produtos fitosanitarios e benestar animal.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2011

A directora xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais



Asdo.: Alejandra Álvarez de Mon Rego